



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Pontedeume - ORDENANZA FISCAL Nº 28, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL E XIMNASIO

Publicación provisional : 04-11-2005 BOP Nº 252 -- Publicación definitiva : 19-12-2005 BOP Nº 288
Redacción Aplicable desde 01-01-2013

Redacciones

- ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.
- ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.
- ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.
- ARTIGO 4. RESPONSABLES.
- ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.
- ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.
- ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.
- ARTIGO 9.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.
- DISPOSICIÓN FINAL.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo público municipal de piscina e ximnasio, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 38 do citado RD Legislativo 2/2004.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a utilización das instalacións de Piscina Municipal e Ximnasio e prestación de servizos nas mesmas.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e 23 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, usuarios dos servizos descritos no artigo anterior.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os coparticipes ou cotitulares das Entidades recollidas no artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da Entidade.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

Establécense as seguintes tarifas:

A) PISCINA MUNICIPAL E XIMNASIO

| | COTA TRIBUTARIA |
|--|-----------------|
| 1. ABOADOS | |
| 1.1. Cota de entrada (existente para todo tipo de aboados) | 39,54 € |
| 1.2. Aboado individual con servizo deportivo | 26,36 €/mes |
| 1.3. Aboado individual sin piscina (servizo deportivo) | 12,52 €/mes |
| 1.4. Aboado familiar (independentemente do número de fillos) | 32,95 €/mes |
| 1.5. Aboados da terceira idade e colectivos desfavorecidos | 19,74 €/mes |
| 1.6. Menores de 16 anos | 15,80 €/mes |
| 2. NON ABOADOS | |
| 2.1. Entrada libre (sin límite de tempo/día) | 3,97 €/día |
| 2.2. Entrada menores de 16 anos e maiores con carnet de estudante ou universitario | 2,64 €/día |

B) CURSOS

A cota tributaria dos cursos de tempada estableceranse dependendo da duración do mesmo, das horas e do tipo de curso impartido, establecéndose as seguintes tarifas ou cotas:

| | |
|------------------------------|-------------|
| 1.1. CURSOS DE NATACIÓN | |
| Curso de un día á semana | 12,52 €/mes |
| Curso de dous días á semana | 25,04 €/mes |
| Curso de tres días á semana | 36,89 €/mes |
| Curso de cinco días á semana | 49,43 €/mes |
| 1.2. CURSOS NATACIÓN BEBÉS | |
| Curso de un día á semana | 25,04 €/mes |
| Curso de dous días á semana | 31,63 €/mes |

| | | |
|---|-------------|--------------------|
| Curso de cinco días á semana | | 49,43 €/mes |
| 1.3. CURSO DE PREPARACIÓN FÍSICA | | |
| (Opositores, persoal training ...) | | 49,43 €/mes |
| 1.4. CURSOS DE NATACIÓN PARA ESCOLARES | | |
| Curso de un día á semana | | 7,89 €/colexio/día |
| 1.5. CURSOS DE NATACIÓN TERCEIRA IDADE E MINUSVALÍAS | | |
| DÍAS | MENSUAL | TRIMESTRAL |
| 1 día á semana | 5,91 €/mes | 17,12 €/trimestre |
| 2 días á semana | 11,20 €/mes | 30,97 €/trimestre |
| 3 días á semana | 15,80 €/mes | 46,14 €/trimestre |
| 1.6. OUTRAS ACTIVIDADES | | |
| Rehabilitación | | 12,52 €/sesión |
| Revisión médica | | 20,43 €/sesión |
| Masaxe | | 20,43 €/sesión |
| Solarium | | 5,26 €/sesión |
| Solarium (bono 10) | | 47,44 € |
| Solarium (bono 20) | | 89,62 € |
| Xornada acuática ou festiva | | 6,59 €/día |
| 1.7. OUTRAS TARIFAS | | |
| Aluger de rúas (45 minutos) | | 19,76 € |
| Seguro persoal asistencia sanitaria (seguro/ano) | | 26,36 € |
| Substitución tarxeta Provisport | | 3,94 € |

NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS ANTERIORES

A) A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina, zona relax, e ximnasio durante todo o horario de funcionamento da instalación.

B) As tarifas fixadas para os cursos, tanto de carácter xeral ou especial, terán para os abonados, unha redución do 33%, fronte ós non abonados.

C) Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír ó conxuxe e fillos menores de 16 anos e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nen de días. Os fillos/as ó cumprír os 16 anos deberán inscribirse nunha das categorías individuais, sen ter que abonar cota de entrada.

D) Enténdese por abonado da terceira idade, unha persoa maior de 65 anos, ou menores de 65 que sexan pensionistas, que poidan facer uso das instalacións da piscina municipal e ximnasio sen limitación de días nin de horario.

O desconto á terceira idade en horario reducido, que é do 25 % da tarifa establecida, aplicarase en abono e cursos, a membros deste colectivo cuos ingresos brutos anuais sexan inferiores ó que se establece no Regulamento do Servizo. Esta mesma bonificación se establece para colectivos desfavorecidos, segundo o regulamentariamente disposto.

E) Enténdese por usuario con minusvalía, cando a discapacidade sexa superior ó 33%, segundo certificado expedido por Consellería de Servizos Sociais.

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

O período impositivo coincidirá, nos abonados á piscina municipal, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados á piscina municipal devengarase instantaneamente no momento de acceder ás instalacións.

O período impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1.- Mensualmente, polos servizos encargados da xestión da Piscina Municipal, elaboraráse un padrón municipal de abonados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. O impago das mesmas ocasionará a imposibilidade de acceso á Piscina. Acumulados tres recibos pendentes de cobro, o abonado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de abonado á piscina, aboar a cota de entrada correspondente.

2.- Nas restantes instalacións e prestacións de servizos, exixirase o depósito previo do importe da taxa. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo por causas non imputables ó contribuínte, tramitarase polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Prestado o servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito previo será aplicada ó importe definitivo da taxa, exixíndose, no seu caso, a maior contía que resulte.

A utilización das instalacións referidas nesta Ordenanza, solicitarase por escrito dirixido ó Servizo Municipal de Deportes, cos datos do solicitante, así como da persoa, equipo, entidade, colexio ou asociación que vaia facer uso das instalacións. Na mesma sinalarase ademais a persoa responsable do bo uso destas e data e tempo da utilización do servizo de que se trate.

Presentada a instancia, resolverase sobre a procedencia da utilización, que deberá ser motivada, no suposto que fora denegatoria.

3.- No caso de tratarse de actos ou actuacións extradeportivas por sociedades, partidos políticos ou outros espectáculos artísticos de índole non deportiva, serán resoltos pola Alcaldía, que en todo caso poderá recabar os informes correspondentes do Servizo Municipal de Deportes. Dita resolución sobre a procedencia ou improcedencia de conceder-la autorización para usa-las instalacións, será notificada ós interesados e ós servizos encargados da súa execución.

4.- A concesión da bonificación sinalada no artigo 5 da presente Ordenanza deberá ser solicitada polo usuario con carácter previo á prestación do servizo e informada polo Servizo Municipal de Deportes. A falla desta solicitude ou a súa presentación extemporánea motivará a denegación da bonificación.

ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ó disposto ao respecto na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Pontedeume en sesión ordinaria do 31/10/2013, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 01/01/2014, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.